

De seguido infórmolle dos acordos da sesión ordinaria do Consello de Goberno que tivo lugar, o venres día 5 de marzo de 2010, na sala de xuntas da Reitoría, e que poden ser do seu interese:

- * Aprobación de prazas dos corpos docentes a prover mediante concursos de acceso entre acreditados.
- * Estimación do recurso dealzada presentado por Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U. de Estudos Empresariais.
- * Estimación do recurso de reposición presentado por Dna. Antonia Virginia Acuña Ferreira contra o acordo de Consello de Goberno, de 26 de xaneiro de 2010, onde se aprobaron os premios extraordinarios de doutoramento do curso 2007-2008. Aprobación da concesión do premio extraordinario de doutoramento do curso 2007-2008 da Universidade de Vigo a Dna. Antonia Virginia Acuña Ferreira.
- * Eleccións a Reitor e Claustro Universitario. Interpretación dos artigos 32 e 57 dos Estatutos da Universidade.
- * Eleccións a representantes nos Consellos de Departamento. Interpretación do artigo 45 dos Estatutos da Universidade.
- * Aprobación do calendario de aprobación de novas propostas de títulos de Máster Universitario para a súa implantación no curso 2010/2011.
- * Aprobación das etapas e calendario para a aprobación de modificacións de planes de estudo de grao e posgrao.
- * Aprobación das propostas de valores de ponderación das materias de bacharelato e ciclos formativos para o acceso á universidade.
- * Aprobación do acordo marco de cooperación para o Sistema Universitario de Galicia.
- * Aprobación da proposta como organismo colaborador a Asociación RSE GALICIA (Responsabilidade Social Empresarial).
- * Aprobación dos seguintes convenios: Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta de Galicia e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o apoio ás actividades previstas no plano operativo 2010 en materia de software libre e de código de fontes abertas – Convenio de colaboración entre a Universidade Católica Portuguesa e a Universidade de Vigo para a aprobación do plan de estudos de posgrao interuniversitario Integración Rexional e Políticas Comunitarias – Acordo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia e as universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para o reparto do Fondo de Apoio á Investigación do exercicio 2009 – Protocolo de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, a Universidade da Coruña (UDC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVI), para regular determinados aspectos da convocatoria correspondente ao ano 2009 do Programa Horizontal de Recursos Humanos do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica-INCITE (2006-2010) – Convenio de cooperación académica entre as universidades da Coruña e Vigo para a impartición do Máster titulado “Biotecnoloxía Avanzada” – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a Universidade de Burgos e a Universidade do País Vasco/Euskal Herriko Unibersitatea para levar a cabo, conxuntamente, a organización e desenvolvemento das ensinanzas oficiais de posgrao do Máster Universitario en Enxeñaría Térmica e do Programa de Doutoramento “Enxeñaría Térmica”.



Vigo, 8 de marzo de 2010
A secretaria-xeral

Esther M^a González Pillado